# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

CENTRO: IES ILLA DE ONS
CURSO: 3º ESO APLICADAS
MATERIA: Matemáticas
DEPARTAMENTO: Matemáticas
DATA: 10/05/2020

## ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

| 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles | |
|---|---|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| Son os mínimos exixíbeis que aparecen na Programación orixinal das Unidades 1 a 7. | |

<table>
<tr><th colspan="2">2. Avaliación e cualificación</th></tr>
<tr><td rowspan="2">Avaliación</td><td>Procedementos:<br>Avaliaráselle durante a 3ª avaliación sobre os estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles descritas anteriormente correspondentes ás unidades da 1 á 7.</td></tr>
<tr><td>Instrumentos:<br>• Boletíns semanais de repaso e reforzo dos estándares de aprendizaxe ditos.</td></tr>
<tr><td>Cualificación final</td><td>A cualificación final do curso calcularase sumando:<br>• A media ponderada das cualificacións da 1ª e 2ª avaliacións (1 a 10 ptos).<br>• A cualificación das tarefas da 3ª avaliación (ata 1 pto).<br>A cualificación máxima será de 10.</td></tr>
<tr><td>Proba extraordinaria de setembro</td><td>Para o alumnado que na cualificación final de xuño obteña unha cualificación menor que 5, realizarase unha proba extraordinaria en setembro sobre os estándares de aprendizaxe traballados na 1ª e 2ª avaliación.<br>*Se non fose posible realizar dita proba presencial, o alumnado terá que entregar boletíns de exercicios baseados nos estándares de aprendizaxe imprescindibles non acadados.</td></tr>
<tr><td rowspan="3">Alumnado de materia pendente</td><td>Criterios de avaliación:<br>O alumnado con materia pendente deberá entregar boletíns de exercicios das unidades que aínda non superara na 1ª e 2ª avaliación.</td></tr>
<tr><td>Criterios de cualificación:<br>A cualificación calcularase <u>sumando</u>:<br>- a media ponderada das cualificacións das dúas primeiras avaliacións (80% da nota)<br>- A cualificacións dos boletíns realizados durante a 3ª avaliación. (20%)</td></tr>
<tr><td>Procedementos e instrumentos de avaliación:<br>- O alumnado deberá realizar boletíns de exercicios e entregalos antes do 15 de xuño.</td></tr>
</table>

| 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre<br>(recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) | |
|---|---|
| **Actividades** | - Boletíns de exercicios e actividades de reforzo e repaso semanais sobre os estándares de aprendizaxe. |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)** | - O profesor da materia realizou unha videoconferencia con todo o alumnado de 1º ESO e constatou que todos eles dispoñen de conexión a internet, de correo electrónico e todos foron quen de entrar na plataforma Classroom.<br>- Para o alumnado do apartado a):<br>• Serán colgadas as tarefas na plataforma classroom do centro os luns ás 8:00 para ser entregados antes do último día de esa semana ás 14:00.<br>• O alumnado poderá realizar preguntas ou plantexar dúbidas a través do correo electrónico ou na hora asignada á materia de matemáticas a través de videoconferencia.<br><br>- O profesor da materia aportará semanalmente ós titores información individual de cada alumno e alumna indicando se se conectan e se entregan as tarefas. |
| **Materiais e recursos** | - Plataforma Classroom.<br>- Apuntes da materia.<br>- Boletíns de exercicios<br>- Vídeos explicativos de Youtube.<br>- Videoconferencias en Meet. |

| 4. Información e publicidade | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | O alumnado foi informado por videoconferencia de todo o detallado neste documento. |
| **Publicidade** | Publicación obrigatoria na páxina web do centro. |